

## **Acordou tamén, entre outras cuestións, conxelar as cotas sindicais para o ano 2017 e reforzar o papel da caixa de resistencia.**

O Consello Confederal da CIG aprobou esta mañá por unanimidade a convocatoria do VII Congreso para os días 27 e 28 de maio. Xunto a isto aprobou o Regulamento precongresual, onde se establecen os prazos do proceso ou número de congresistas, entre outras cuestións, e as comisións de traballo das que sairán os relatorios de Acción Sindical, Organización e Estatutos que serán obxecto de debate no Congreso e que definirán as liñas de actuación da central sindical para os vindeiros anos.

O VII Congreso, que terá lugar no Pazo de Congresos, en Compostela, permitirá avaliar o traballo desenvolvido nos últimos catro anos. Un período no que a CIG conseguiu consolidar a súa posición como primeira forza sindical en afiliación en Galiza, con arredor de 65.000 afiliados/as, e a menos de un punto de ser a primeira en número de delegados/as.

Partindo destas premisas a CIG encara este Congreso co obxectivo de seguir reforzando a súa estrutura e organización e definir as liñas de traballo que permitan a súa consolidación como primeira forza sindical en Galiza para mellor loitar polos dereitos e as condicións laborais e de vida da clase traballadora galega.

### **Regulamento precongresual**

O Consello Confederal elixiu a comisión de Organización do VII Congreso, que recae na propia executiva confederal, e aprobou o Regulamento, que contempla a participación de 540 congresistas de elección directa máis os membros de pleno dereito, Consello Confederal e Comisión de Garantías, ademais establece o calendario precongresual, que queda como segue:

**07/11/2016.-** Convocatoria do Congreso

**31/12/2016.-** Data tope fixación nominal membros natos Congreso

**16/01/2017.-** Data publicación censos da afiliación

**16/01/2017 - 06/02/2017.-** Prazo de exposición e reclamacións aos censos

**07/02/2017 - 14/02/2017.-** Prazo resolución reclamacións aos censos

**15/02/2017.-** Data publicación censos definitivos corrixidos

**03/03/2017.-** Data tope aprobación relatorios polo Consello Confederal

**20/03/2017 - 06/04/2017.-** Asembleas federativas comarcais debate relatorios

**05/04/2017 -28/04/2017.-** Asembleas federativas comarcais elección congresistas

**19/04/2017.-** Data tope envío emendas á Comisión Nacional de Organización

**03/05/2017.-** Data tope envío congresistas á Comisión Nac. de Organización

**27-28/05/2017.-** Data celebración VII Congreso CIG

## **Caixa de resistencia**

Alén das cuestións relativas ao VII Congreso, o Consello Confederal aprobou introducir unha serie de modificacións ao regulamento polo que se rexe o funcionamento da Caixa de Resistencia.

Entre outras acordouse que as/os afiliadas/os da CIG en folga poidan comezar a cobrar as axudas o terceiro día e que para aquelas folgas cunha duración superior a 10 días se poida cobrar desde o primeiro día. Xunto a isto fixouse unha cantidade fixa diaria.

Estes cambios introducidos teñen a finalidade de dar cobertura aos traballadores e traballadoras durante os períodos de folga para que perdan o menos posíbel dos seus salarios e para posibilitar que resistan o tempo necesario fronte aos ataques da patronal. Cambios que foron posíbeis grazas ao incremento de recursos da caixa de resistencia nos últimos anos.

## **Cota sindical**

O Consello Confederal tamén acordou que para o 2017 a cota sindical se manteña conxelada.